

# GALICIA<sup>EDICIÓN</sup> SPORT<sup>TIME</sup>

EL PERIÓDICO DEL PARTIDO

LA PUBLICACIÓN DEL DEPORTE GALLEGO

CAZA  
DEPORTIVA

PESCA  
DEPORTIVA

GALICIA SPORT N.º 34 • NOVIEMBRE 2022 • EJEMPLAR GRATUITO

DESCARGA LA  
VERSIÓN DIGITAL



**Granitos  
Carballedo**

La Naturaleza  
a sus pies

Tif.: 670 063 544

POLÍGONO INDUSTRIAL DE MATELA S/N  
27150 OUTEIRO DE REI. LUGO

EMAIL: [contacto@granitoscarballedo.com](mailto:contacto@granitoscarballedo.com)  
[WWW.GRANITOSCARBALLIDO.COM](http://WWW.GRANITOSCARBALLIDO.COM)

**Aquí encontrarás  
la MEJOR OCASIÓN  
de tu vida. ¡Escanéala!**



<p><b>Nissan Qashqai</b></p>  <p>dCi 81 kW (110 CV) TEKNA+ Diésel / Manual 60.412 Km / 2017 <b>22.400€</b> 32 UD. en stock &gt;&gt;</p>	<p><b>Peugeot 308</b></p>  <p>5P Puretech 110 S&amp;S MAN Active Pack Gasolina / Manual 41.962 Km / 2021 <b>18.700€</b> 27 UD. en stock &gt;&gt;</p>	<p><b>Nissan Juke</b></p>  <p>1.5 dCi 110cv 6M/T N-Connecta Diésel / Manual 79.443 Km / 2018 <b>15.400€</b> 11 UD. en stock &gt;&gt;</p>	<p><b>Peugeot 2008</b></p>  <p>1.2 Puretech 100cv S&amp;S BVM6 Active Pack Gasolina / Manual 42.300 Km / 2021 <b>21.500€</b> 21 UD. en stock &gt;&gt;</p>
<p><b>Peugeot 208</b></p>  <p>1.2 PureTech 100cv Active Pack Gasolina / Manual 39.631 Km / 2021 <b>17.900€</b> 15 UD. en stock &gt;&gt;</p>	<p><b>Nissan Micra</b></p>  <p>1G-T 66 kW (90 CV) S&amp;S N-Connecta Gasolina / Manual 90.864 Km / 2018 <b>13.700€</b> 13 UD. en stock &gt;&gt;</p>	<p><b>Peugeot 3008</b></p>  <p>Allure BlueHDi 96kW (130CV) S&amp;S EAT8 Diésel / Automático 145.876 Km / 2019 <b>23.900€</b> 25 UD. en stock &gt;&gt;</p>	<p><b>Fiat Ducato</b></p>  <p>30 Medio 2.0 Multijet 85kW (115CV) Diésel / Manual 61.089 Km / 2019 <b>24.900€</b> 21 UD. en stock &gt;&gt;</p>

**¡y mucho más!**

<p><b>HÍBRIDOS y ELÉCTRICOS</b></p>  <p>ESCANÉAME</p>	<p><b>Hasta 12.000€</b></p>  <p>ESCANÉAME</p>	<p><b>Entre 12.000€ y 22.000€</b></p>  <p>ESCANÉAME</p>	<p><b>De más de 22.000€</b></p>  <p>ESCANÉAME</p>
--	--	--	--

# STAFF

## EDITA

JL PUBLICACIONES S.L.

E-MAIL: INFO@JLPUBLICACIONES.COM

WEB: WWW.JLPUBLICACIONES.COM

## DIRECCIÓN

JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ

## REDACCIÓN

ÁLVARO ALDREY

## DISEÑO Y MAQUETACIÓN

ANDREE MONTESINOS

## PUBLICIDAD

M<sup>ra</sup> JOSÉ TENREIRO

CRISTINA OTERO

SALVADOR GONZÁLEZ

## ADMINISTRACIÓN

EVELIN RUBERTE

DEPÓSITO LEGAL: C-1555-2018

## COLABORADORES

PILY PARDO

DONATO GAMA

RAÚL INFANTE

JORGE URIACH

FERNANDO BLANCO

JORDI URIACH

## FOTOGRAFÍA

CESIÓN CLUBES



## [ CONTENIDO ]



05  
CAZA




25  
PESCA DEPORTIVA



39  
FÚTBOL



59  
POLIDEPORTIVO



79  
MOTOR

## GRACIAS

QUEREMOS DAR LAS GRACIAS A TODOS NUESTROS LECTORES POR LO CUAL HEMOS ALCANZADO TAN ALTA CUOTA DE PARTICIPACIÓN EN LAS REDES SOCIALES.

**HEMOS SUPERADO LAS 550.000 IMPRESIONES ENTRE LAS 3 REDES SOCIALES.**

**J.L. PUBLICACIONES S.L. informa que:** Al amparo del Art. 32.1 de la Ley de Propiedad Intelectual, queda totalmente prohibida la reproducción total o parcial de artículos, fotografías y anuncios de esta publicación, sin autorización escrita de la Editorial. La Editorial no se responsabiliza de las opiniones, fotos y contenidos de sus colaboradores.

Si deseas expresarnos tu opinión sobre nuestros números, comentarnos alguna sugerencia o te interesa encontrar algún tema en especial, por favor, háznoslo saber en la dirección de correo electrónico: [info@jlpublicaciones.com](mailto:info@jlpublicaciones.com)

Síguenos en [www.timesport.eu](http://www.timesport.eu) y en las Redes Sociales:



**HUMEDADES - FRIO - CALOR**

**TODO TIENE SOLUCIÓN**

**VENTA Y APLICACIÓN EN TODA GALICIA**

**DECÍDASE POR LO CONOCIDO Y DURADERO**



[www.teais.es](http://www.teais.es)

981 60 21 11  
986 37 42 11  
988 21 40 42  
982 65 00 25



COMPLEJO

# O PIÑEIRAL

Albergue | Hotel | Cafetería | Restaurante



**982 340 350**

**606 165 752**

**A FONSAGRADA - LUGO**





# FRANCISCO COUSELO: “O MONTE XESTA E O MEU FAVORITO”

**O presidente da Federación Galega de Caza en Pontevedra estivo coa redacción de Galicia Sport.**

**F**rancisco Couselo Castiñeira, presidente provincial da Federación Galega de Caza en Pontevedra, deu unha clase maxistral en exclusiva para Galicia Sport, nunha magnífica entrevista que temos o pracer de poder expoñerlles a continuación.

**- Paco, abriuse unha nova tempada de caza, como van as cousas desde o punto de vista da Federación Galega.**

- “Efectivamente, acaba de iniciarse hai unhas semanas. Mirando ao monte, se falamos de caza menor, témonos que referir a unha modalidade que está en plena decadencia, tanto o coello como a perdiz, cada vez hai menos, tanto polas enfermidades, como polos cambios do hábitat. O coello non se dá adaptado, hai dúas enfermidades que os atacan, a hemorráxica vírica e a mixomatosis, sobre todo a primeira, xa que cando lles afecta,, acaba coas poboacións rapidamente, entón claro, para recuperalas é moi complicado. Aínda encima en Galicia temos o hándicap do mal tempo, da choiva, posto que os animais para reproducirse precisan que haxa bo tempo e a choiva non é bo aliado”.

**- Pero en Galicia sempre houbo choiva e non sempre se pasaron por estes problemas.**


- “Iso é o que as persoas maiores dinche moitas veces, é que en Galicia sempre choveu e aquí sempre houbo coellos. Iso é certo, pero que é o que pasa, que os montes estaban limpos, a xente ía recoller o toxo para facerlle as camas ás vacas, cando caía unha rama ou unha árbore, alí ía a xente para recollelo para quentarse coa cociña de ferro ou para ter leña para outras cousas... Hoxe en día todo iso non se fai, entón, todo o que queda alí no monte, queda todo amontoado, unha vez que chove, se o monte está limpo non hai problema, vén o sol e xa seca, pero como non está limpo, o que se está creando é humidade e a humidade trae un foco de infeccións, de bacterias, etc. Por iso non hai nada que facer desta maneira, ou se toman medidas, ou especies como o coello tenden claramente a desaparecer. Para todo iso, moitas sociedades de caza invisten practicamente o que recadan dos socios na mellora do hábitat e en repoboacións”.

**- ¿Cal é o mellor sistema para mellorar o hábitat?**

- “A mellora do hábitat consiste en facer biotopos e en facer desbroces. Un biotopo, xeralmente, está formado por un montón de pedras, cubertas con terra e cercados cunha rede, para protexer aos coellos das alimañas. É unha maneira de introducir e adaptar aos animais no medio, xa que se os animais veñen dun criadeiro (granxas) e sóltanse directamente no monte, sendo presa fácil para os depredadores”.

**- Falemos agora tamén dos problemas da perdiz.**

- “A perdiz témola na zona de Lugo e en algúns lugares da provincia da Coruña e Ourense. Aquí en Pontevedra teríamos que irnos á zona do Deza e do Baixo Miño. Que é o que pasa coa perdiz, pois que antes cultivábanse os montes, había moitos máis habitantes no mundo rural, agora a xente vaise máis á cidade, e todo iso deixouse de cultivar, xa non hai aquelas extensións enormes de centeo e de trigo, entón claro, á perdiz estamos a quitarlle o seu alimento natural, e entre o aumento de depredadores que hai e entre que non teñen onde comer, pois as perdices téñeno aquí realmente complicado”.





## CAZA

### - ¿Por onde pasan as alternativas no que á caza menor refírese?

- “As alternativas que se buscan, respecto á caza menor, cabe destacar a recuperación da lebre, con bastante abundancia por toda Galicia, aquí en Pontevedra destaca a súa presenza pola comarca do Deza. A lebre poderase cazar entre o 16 de outubro e o 27 de novembro, naqueles tecores que así o contemplen no seu plan anual. Outra alternativa, pode ser a caza do raposo. Antes, o raposo cazábase para previr danos, é un depredador, entón facíase nas aldeas para evitar que fosen aos galiñeiros e para que non fixese dano aos animais domésticos. Ultimamente xa se facía tamén para previr a depredación dos coellos e outrora, remontándonos xa moito máis atrás, as peles do raposo tiñan un valor económico e moita xente dedicábase a cazalo para logo vender as peles. Hoxe en día, sobre todo polo Deza, hai cuadrillas que se dedican á caza do raposo, simplemente por baixar a súa poboación, e manter “en forma” os cans de rastro. Seguindo con caza menor, nas zonas onde hai sementeiras de millo, en tecores que están autorizados, están a facer soltas e repoboacións de faisanes. O faisán é un ave que dá moito xogo aos cazadores de pluma e despois estamos a esperar que chegue o frío para que entren as arceas ou becadadas, que a verdade é que cada tempada adquiren máis relevancia, sendo unha opción máis na caza menor. Nos tecores poderase prolongar a súa caza, previa autorización, ata o segundo domingo de febreiro de 2023”.

### - ¿E o paspallás?

- “O paspallás é un ave migratoria, que chega a Galicia para criar polo mes de abril, quedándose aproximadamente ata pasada a segunda quincena de agosto, coincidindo co cambio da fase lunar. Unha vez engordada, algo primordial, emprende a súa viaxe de retorno a África. Pódese cazar durante a tempada da caza menor, ademais, a Orden de Vedas anual permitía a súa caza nos tecores encadrados na antiga Lagoa de Antela (Xinzo da Limia) dende o 13 de agosto ata o 4 de setembro, os sábados e domingos, nas modalidades de caza en man

e o salto, sempre baixo unha serie de requisitos”.

### - Falando de caza maior agora, boa saúde imaxino, mesmo con problemas nas cidades con animais como o xabarín.

- “A caza maior é todo o contrario á menor, goza dunha saúde envexable comparado coa menor, aí está o xabarín como principal argumento. Que o xabarín chegue á cidade non creas que quere dicir que hai moitos xabaríns, que os hai, pero o que quere dicir é que houbo un cambio no hábitat deles. Hai moitos factores que fan que se deixen ver. Antes estaban nos montes, pois tiñan alimento e refuxio, agora non é así, os montes non se cultivan, os incendios forestais están aí, que é o peor que pode ocorrer, e despois tamén teñen ao lobo. O lobo non ataca ao xabarín pero aos jabatos si que os ataca. Con isto non quero criminalizar o lobo, simplemente que ten que comer. Que é o que pasa con todo isto, que o xabarín, do mesmo xeito que todos os animais, é moi intelixente e achégase ás cidades, ve que ten comida, que ten refuxio e entón é o ideal para el. Ademais, por medidas de seguridade non se pode cazar na cidade e non hai lobo, entón para eles fabuloso”.

### - E ademais do xabarín, como veñen o resto de especies tradicionais.

- “Está o corzo, que parece rexurdir da enfermidade que hai uns anos danábao, o verme no nariz, que non é que os matase directamente, pero lles obstruía as fosas nasais, entón non podían correr e pasaban a ser presa fácil de calquera depredador. A especie vai recuperando en cuestión de número e de exemplares. Son animais salvaxes e non había tratamento para darlles, entón, eu creo que a natureza é moi sabia e digamos que levemente arranxou ese problema de seu, por dicilo dalgunha maneira. Lentamente vai recuperando o Corzo. Aquí en Galicia temos Corzo en toda a provincia de Ourense e Lugo, tamén na Coruña hai bastante Corzo e en Pontevedra témolo na zona do Deza. Digamos que se está expandindo xa outra vez por toda Galicia”.



## CAZA

### - ¿Están xa as novas xeracións de cazadores preparadas para asumir un relevo xeracional ou isto costa máis que outrora?

- “A ver, estamos a falar dunhas 38.000 licenzas de caza aquí en Galicia. Non cabe dúbida que as licenzas están a diminuír. Todo iso vén dado polo cambio de costumes que falabamos antes. A xente foise do rural, volveuse máis urbanita, a substitución xeracional non dá arrincado, pois a mocidade ten outras formas de divertirse que outrora, múltiples opcións, videoxogos, internet, electrónica desmesurada, etc, e todo este mundo cinexético non lle tira. É todo un modelo de vida, antes na vida cotiá, cando un rapaz tiña 18 anos ou 20, que xa podía sacar a licenza de caza, sacábaa con ilusión. Hai que pensar que nos pobos e todo por aí, cando se ía de marcha, por exemplo a unha discoteca, ás 10 da noite comezaba e ás 2 da mañá, tanto a discoteca, como calquera festa, pois xa pechaba a sesión. A día de hoxe a esa hora adóitase saír de casa para ir de marcha, entón claro, non procede chegar ás 8 ou ás 10 da mañá e marchar para o monte, sobre todo cando estás cunha arma na man. Son cousas que ao final botan á xente para atrás en todo isto de iniciarse na caza”.

### - O que ninguén pode negar é que os cazadores sodes híper necesarios, iso sempre hai que deixalo moi claro.

- “Neste momento, a caza é unha ferramenta de xestión, totalmente necesaria. Cazar non é matar, imos moito máis alá. A proba témola co xabarín, se se deixase de cazar uns anos, comeríannos os xabaríns, e xa non só os xabaríns, por exemplo, os coellos en Castela a Mancha é unha barbaridade. Hai zonas que os agricultores piden auxilio, a colaboración dos cazadores para axudarlles a terminar coas pragas dos coellos que acaban os seus cultivos. Aquí en Galicia, os agricultores son os primeiros en recoñecer que se non fóra pola caza, especies como o xabarín non deixarían monicreque con cabeza, non

poderían sementar e acabarlle cos pasteiros. Despois, xa non só iso, tamén falamos de vidas humanas, pois canta xente por desgraza non ten un accidente e mesmo deixa a súa vida na estrada como consecuencia dun accidente de xabarín. Por todo isto e moito máis, a caza é máis que necesaria”.

### - Unha mensaxe final para os lectores de Galicia Sport e para todos os cazadores.

- “Queremos que haxa toda clase de fauna salvaxe no monte, todos son necesarios e complementarios, as Sociedades de Caza invirten no monte, cuidando a natureza e a súa biodiversidade. Como xa dixemos antes, os Tecores interveñen na mellora do hábitat, ao mesmo tempo, se non fóra pola caza, habería moitos máis animais, pero iso, como pasou en Madrid coa cabra montesa, foi unha ruína, porque ao final, cando hai moitos animais da mesma especie, o que se fai aí é cultivar un foco de enfermidades, que acaban terminando coa especie. A caza xamais acaba coa especie, o que se fai é ter un control poboacional, ter ás especies controladas e ter un índice poboacional estable, que é o que se pretende coa caza. Eu tiña un compañeiro que dicía sempre, de non existir a caza, habería que inventala”.

### - Xa para finalizar Paco, non podemos despedirnos sen que nos digas cal é o teu monte favorito aquí en Galicia.

- “Eu cazo no Monte do tecor de Xesta no Concello da Lama. Forma parte da Serra do Suido, é un monte baixo. Ao falar de monte baixo, estamos a bastante altitude igualmente, pero refírese á vexetación, é dicir, apenas hai árbores, o toxo é pequeno e a vantaxe que ten é que se presta para ver aos cans buscar, desencamar e seguir unha peza de caza, etc. En todo momento ves como traballan. Estamos en plena Serra do Suido, en plena natureza, disfrutando de todolo seu esplendor e vivindo o apasionado mundo cinexético”.




# PAVIMENTOS

# NORVI



HORMIGÓN IMPRESO



HORMIGÓN STENCIL

## ESPECIALISTAS EN SUELOS DE HORMIGÓN

Lugar Matodoso, 70 - O Matodoso - 27267 - Castro de Rey (Lugo)



657 629 058

# Maderas Moisés

982 312 268  
606 503 336

maderasmoises@hotmail.com



Cellán de Mosteiro, 1 - 27143 - Castroverde (Lugo) COMPRA-VENTA DE MADERA



### VENTA, REPARACIÓN Y RESTAURACIÓN DE ARMAS. COMPLEMENTOS PARA LA CAZA, PUESTA A TIRO. ARTÍCULOS DE PESCA DE MAR Y RIO, CEBO VIVO DE MAR Y RIO.

Tlfn: 982 877 445 / 604 004 727

Mestre Lugilde, 5 - 27780 Foz (Lugo)

www.armeriavalibria.com



Tlfs.: 982 231 874  
610 558 035



pizarrascastedo@hotmail.com

Ctra. Lugo - Fonsagrada, km 4 (Barbain) O CARQUEIXO - LUGO  
Castedo, 13 - CASTROVERDE



¡Pidanos Presupuesto sin compromiso!

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES



www.pizarrascastedo.com

# A FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA É A SEGUNDA CON MÁIS LICENZAS

**Foron máis de 35.000 no ano 2021, cifra moi considerable, tan só superada pola Federación de Fútbolante Suecia.**

A Federación Galega de Caza (en diante FGC), é unha entidade deportiva, sen ánimo de lucro, que agrupa a cazadores e sociedades de caza, único organismo competente para emitir calquera documento acreditativo da condición deportiva dos cazadores, ou colectivos destes, no territorio da Comunidade Autónoma Galega e, ademais das súas competencias propias, exerce por delegación funcións públicas de carácter administrativo, actuando como axente colaborador da Administración Pública (Art 51.4 da Lei 3/2012, do deporte de Galicia, e Art. 1 dos Estatutos FGC).

## ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN

Na actualidade a FGC, ao igual que todas as federacións deportivas galegas, está en proceso electoral que culminará o vindeiro 30 de decembro. Polo que unha comisión xestora, presidida por Don Javier Nogueira Diz, é a encargada de xestionar o ente federativo ata a proclamación do novo presidente.

A FGC estrutúrase territorialmente, de acordo coas súas características propias e co desenvolvemento deportivo, nas federacións provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Os catro Delegados Provinciais, unha vez nomeados polo Presidente da FGC, pasan a formar parte da xunta directiva da FGC, exercendo no seu ámbito territorial as mesmas funcións que as establecidas para o presidente da FGC, actuando por delegación deste. Ocupan o cargo de Delegados Provinciais as seguintes persoas:

- Presidente Provincial da FGC Coruña: José María Álvarez Villar.
- Presidente Provincial da FGC Lugo: Francisco López Penela.
- Presidente Provincial da FGC Ourense: Antonio García Reinoso.
- Presidente Provincial da FGC Pontevedra: Francisco Couselo Castiñeira.

## ¿A QUEN REPRESENTA A FGC?

A FGC é o interlocutor dos cazadores galegos, a única entidade que representa o deporte da caza na CCAA de Galicia, en virtude do previsto no Art. 51.5 da Lei 3/2012, do deporte de Galicia, que establece que só poderá recoñecerse no ámbito territorial da Comunidade Autónoma unha federación deportiva galega por cada modalidade deportiva.

## NÚMERO DE CAZADORES

- Durante o ano 2021 había na CCAA de Galicia 35.900 cazadores con licenza administrativa de caza (e outros 918 de fóra da CCAA), dos que preto do 55% están federados (19.560), e deles 5,5 de cada 10 dispoñen actualmente de licenza.
- En Galicia hai 452 Tecores (terreos cinexéticamente ordenados), xestionados por asociacións sen ánimo de lucro, onde poder desenvolver a actividade cinexética. Deles, 8,4 de cada 10 están xestionados por entidades deportivas federadas (379 de 452).
- A caza é o segundo deporte a nivel autonómico, tanto en número de deportistas como de entidades federadas, entre





## CAZA

as 58 federacións deportivas autonómicas, tan só superada polo fútbol.

- 2 de cada 100 habitantes maiores de 16 anos (idade mínima para poder obter a licenza de caza de Galicia) son cazadores, convertendo a actividade cinexética como deporte tradicional e de referencia do rural galego, en especial nas provincias do interior onde o número de cazadores por habitantes achégase a 3 por cada 100 habitantes.

### ¿QUE ACTIVIDADE SE DESENVOLVE?

- Actividade saudable, porque ademais de ser unha actividade deportiva, o deporte cinexético practícase ao aire libre, en contacto coa natureza, e ademais, ao contrario do que ocorre noutros deportes, é a actividade deportiva máis practica polas persoas da terceira idade, contribuíndo á prevención de enfermidades crónicas, entre as que a inactividade física é un dos principais factores de risco.

- Actividade social, porque o 99,48% da superficie cinexética da CCAA corresponde aos 452 tecores que xestionan sociedades ou asociacións de caza sen ánimo de lucro, das que o 84% están federadas, fronte ao 0,52% da superficie que abranguen as 35 explotacións cinexéticas xestionadas por empresas ou suxeitos mercantís.

- Actividade deportiva, porque durante a tempada 2021 a FGC organizou 91 campionatos oficiais, entre eles dous campionatos de España (campionato de España de compak e copa España de rastro de coello) e autorizou a celebración doutras 131 competicións e adestramentos de carácter social, local, e outras probas abertas de libre participación que organizaron as

diferentes sociedades e clubs federados, é dicir cada fin de semana disputáronse en Galicia máis de 4 competicións deportivo cinexéticas. Pola súa banda, as Seleccións Galega das diferentes especialidades deportivas da FGC acadaban nos respectivos campionatos de España (ou copas España) 33 podios para o Deporte Federado Galego (12 primeiros, 11 segundos e 10 terceiros) e outros 20 títulos, ademais de diferentes cuartos e quintos postos (7 cuartos e 13 quintos postos).

- Actividade rural, porque os terreos cinexéticos, pola idiosincrasia propia desta actividade, aséntanse en zonas rurais, nas que repercute directamente a meirande parte da economía que xera esta actividade, aportando riqueza e contribuíndo á dinamización do rural galego.

- Actividade sostible, porque a caza é unha actividade regulada, adaptada a plans técnicos, unha ferramenta fundamental na conservación e recuperación dos ecosistemas. É necesaria a recuperación dos ecosistemas de determinadas especies pero tamén a caza selectiva e controlada doutras (por exemplo, xabaril, raposo ou corzo) para acadar unha poboación sostible adaptada á capacidade de cada territorio porque, pola densidade actual das súas poboacións, están a xerar importantes danos na agricultura, ganadería, silvicultura e seguridade viaria (No 2021 producíronse en Galicia 4.593 accidentes de tráfico causados por animais cinexéticos, 30 deles con vítimas).

- Actividade de prevención de incendios, porque as actuacións que realizan as asociacións de cazadores nos seus territorios (tecores) para a mellora



do hábitat das diferentes especies (desbroces, puntos de auga, sementeiras, etc) sumado a que os cazadores pasan unha boa parte do seu tempo de ocio no monte, fan que este colectivo desenvolva unha importante función, tanto na xestión como na vixilancia de cara á prevención dos incendios forestais.

- Actividade económica, porque cada cazador galego gasta 2.350 € por tempada, segundo o estudo sobre a Repercusión Económica da Caza en Galicia, realizado pola FGC en colaboración co Departamento de Estatística da Facultade de Matemáticas da USC, é dicir a cifra de negocio da actividade cinexética durante o ano 2021 superou amplamente os 86 millóns de euros anuais.

### ¿POR QUE OS CAZADORES UTILIZAN EMISORAS DURANTE A PRÁCTICA DA ACTIVIDADE CINEXÉTICA?

- Porque a comunicación a través de emisoras de radiofrecuencia durante a actividade cinexética, en especial durante as cazarías colectivas de caza maior, aportan seguridade aos cazadores e reducen notablemente o risco de accidentes.

- Porque nos últimos anos tense constatado que o uso destes dispositivos nas comunicacións é unha boa práctica, pois ademais de reducir o número de incidentes e accidentes, brinda maior coordinación e mellor comunicación entre os membros da cuadrilla, grazas ao contacto instantáneo, directo e grupal que ofrece.

- Porque o seu uso é aconsellable en todo tipo de cazarías nas que se participe en grupo pola seguridade que ofrecen en caso de calquera contra-

tempo, e sobre todo nas cazarías colectivas de caza maior onde o seu uso é practicamente fundamental: para comunicar a colocación dos postos, para comunicar o inicio e remate da xornada, para transmitir as ordes do responsable da cazaría, para informar da posición de cadaun dos participantes (o que evita por en risco a vida dos compañeiros ao saber en todo momento a súa posición) e para comunicar aos membros do grupo calquera outra situación excepcional, a indisposición dun deles, a presenza de persoas ou vehículos alleos á cazaría, etc. Pero para poder comunicarse non basta con ter emisoras, é necesario que todos os membros da cuadrilla de caza teñan configurada a mesma frecuencia para poder intercomunicarse, e que de uso estea legalmente autorizada.





# PACIOS

REFORMAS Y CONSTRUCCIONES

Camino Vilobal,12  
O Barco de Valdeorras  
Tel.: 662 01 02 35 / 619 26 09 54  
[ambrosiopacios@hotmail.com](mailto:ambrosiopacios@hotmail.com)





## AS COMPETICIÓN TAMÉN FORMAN PARTE DA TEMPADA ANUAL

**A Federación Galega de Caza organiza cada ano un bó número de campionatos de cara aos deportistas.**

A Federación Galega de Caza non para é cada tempada organiza un bo número de campionatos de cara aos deportistas, tendo en liza catorce modalidades, a maioría delas sen morte, pero sempre sen olvidarnos das competicións tradicionais de Caza San Huberto, Caza Menor con Can, Caza de Arceas e Caza de Raposo

**As competicións sen morte celebradas pola Federación Galega de caza son as seguintes:**

### PAXARILES

Competicións de paxaros cantores na que se valoran as cualidades de canto dos paxaros das especies de liñaceiros, xílgaros, verderolos e os seus respectivos mixtos.

### PERCORRIDOS DE CAZA CON PRATOS

Competición de tiro con armas de caza que intenta simular sobre brancos móbiles (pratos de cerámica e arxila) as distintas especies cinexéticas que se poden atopar no monte durante unha xornada de caza (perdices, coellos, paspallás, pombas, etc). Valórase a cantidade de brancos escachados.

### COMPAK SPORTING

Competicións de tiro derivada dos Percorridos de Caza, sobre brancos artificiais, pero que se poden desenrolar en campos de tiro de dimensións reducidas e con máquinas automatizadas, para facilitar a súa organización. Valorase a cantidade de brancos escachados.

### RASTRO DE XABARIL

Competición de rastro, que consiste basicamente en que os cans de rastro sigan a pista que vai deixando o xabaril que previamente foi conducido á trella.

### CANS DE RASTRO SOBRE COELLO

Trátase de valorar as cualidades de caza dos cans, que deberán seguir o rastro dos coellos sen capturar a peza.

### CAZA CON ARCO

• **Percorridos de caza con arco:** consiste en probas de tiro que pretenden simular sobre brancos artificiais as distintas especies cinexéticas que se poden atopar no monte durante unha xornada de caza. Os brancos son estáticos, e poden ser dianas ou siluetas de animais a tamaño natural.



# CAZA

• **Caza con arco ao voo:** desenvólvese por parellas, acompañadas dun can, que debe levantar a peza para que os arqueiros a abatan ao voo. Valórase tanto a habilidade dos arqueiros como as calidades cinexéticas do can.

## CANS DE PARADA

Semellante ás probas de caza San Huberto, pero sen a morte da Caza. Valóranse as calidades naturais, educación cinexética e adestramento do can.

## CETRARÍA

• **Sky Trial:** Desenvólvese nunhas carpas ubicadas ao efecto, que se denominan campos de voo, sobre unha peza de caza lanzada á man (faisán, pomba). O concursante utilizará unha ave de cetraría, da que se valora a súa actuación (ascensión, voo, altura, estilo de ataque, e captura da peza).

• **Baixo Voo:** Competición de caza cunha ave de presa que se realiza sobre unha determinada especie. O cetreiro deberá lanzar a ave tras levantarse a presa (unha especie cinexética), valóranse as actitudes de caza da ave (como vixía o entorno desde o puño do cetreiro, se reacciona ante a arrancada da presa, ...), o voo sobre a presa, a captura e retención da presa, amén doutras apreciacións subxectivas (plumaxe, adestramento, manse-dumbre, obediencia, etc).

## AGILITY

O Agility consiste en facer un percorrido -contra reloxo- de diferentes obstáculos polos que debe pasar o can dirixido polo seu guía. Na execución do percorrido conta a velocidade e a calidade na súa execución, amosando así a súa intelixencia, obediencia, concentración, sociabilidade ademais da

súa axilidade.

## FIELD TARGET

Esta especialidade de tiro ao branco, pretende simular a caza, mediante brancos rebatibles, distribuídos en distancias descoñecidas para o tirador, utilizando carabinas de aire comprimido e calquera tipo de elemento de puntaría como miras abertas ou visor telescópico.

## Outras competicións:

### CAZA SAN HUBERTO

Competición de cans, nas que ademais de valorar as calidades naturais do can, puntúa a súa educación cinexética e adestramento, así como as habilidades e técnicas de caza do cazador.

### CAZA MENOR CON CAN

Consiste nunha xornada cinexética propiamente de caza, onde se valoran as pezas cobradas, pero límitase o número de pezas, de especies, de cartuchos e a duración da cacería, entroutros.

### CAZA DE ARCEAS

Desenvólvese do mesmo xeito e coas mesmas características que as competicións de caza menor con can, a única diferenza é que nas probas de arceas, esta especie é a única cazable.

### CAZA DE RAPOSO

Proba de caza semellante a unha 'batida' das que se realizan habitualmente sobre este animal, pero limitándose o número de participantes e o tempo da cacería, entroutros.



## MIGUEL CARUNCHO: “A CAZA MAIOR VIVE UN GRAN MOMENTO”

O noso protagonista leva no mundillo desde que era un rapaz e agora comparte afección co seu fillo.

**M**iguel Caruncho Campanario leva toda unha vida no mundo da caza, afección da que na actualidade goza co seu fillo, algo que o enche de orgullo e ilusión. O protagonista da seguinte entrevista fálanos do gran momento da caza maior en Galicia, de natureza, de novas modalidades de caza e ata de competición, pois non podemos esquecer de que estamos a falar dunha persoa que aínda na actualidade fai os seus piniños nos campionatos de percorrido de caza con arco.

**- Miguel, toda unha vida no monte, como naceu a túa paixón.**

- “A través da tradición familiar, o meu pai foi cazador, eu non puíden disfrutar moito da súa afección, pois faleceu cando eu tiña 4 anos, pero o meu avó era cazador, o meu tío por parte materna tamén era cazador, e digamos que era un tema que se respiraba no ambiente familiar, era un tema cotián, era unha actividade como calquera outra que había no rural galego e mercé a iso vaste incorporando a ese mundo que che vai absorbendo. Desde moi novo, recordo xa acompañar ao meu tío a aquelas batidas que se celebraban de raposo, no por entón coto de caza de Mañón e de Ortigueira, no Ortegal, tería eu 12 ou 13 anos, non moito máis, e acompañaba ao meu tío a aquelas batidas que se celebraban as fins de semana coa xente do pobo. Alí comezou realmente a miña afección á caza deportiva”.

**- E dende aqueles intres a converterte nun dos grandes expertos que hai na nosa terra.**

- “Non, eu considérome un gran afeccionado, eu considero que o experto, neste tipo de actividades non existe. Eu son un gran afeccionado, un apaixonado da cinexética. Empecei sacando o permiso de armas, herdei a miña primeira escopeta do meu pai, despois te empezas a facer cun primeiro cachorro, logo empezas a poder ir cos demais cazadores e gozar das xornadas de caza e cada vez te vas metendo máis no mundo, pasándoo ben, gozando ata da choiva, co teu can á beira. Fas moitos amigos nisto da caza, conxenias cuns máis, con outros menos, hai xente que participa da túa forma de vela e outra que participa menos e como calquera ámbito da vida. Despois, cada día hai retos novos, especies novas, formas novas de cazar, armas novas, e ahí imos, con todos os amigos, pois disfrutando moito do mundo cinexético”.

**- Saídes moito en grandes cuadrillas polo que interpreto.**

“Depende, non sempre. Eu agora mesmo cando máis gozo é cando saio ao monte co meu fillo. O meu fillo cumpriu 18 anos fai pouquiño, leva vindo comigo case desde que lle saíron os dentes e é con quen máis comparto hoxe en día. Iso non quere dicir que non disfrute con moitísima outra xente, que por suposto, pero tampouco de maneira programada, é dicir, vas coñecendo xente ao longo da vida, vas conxeniando, compartindo costumes, etc. Nós agora mesmo, por exemplo, estamos a cazar máis con arco e con outras modalidades que nos enchen máis e iso non quere dicir que sexa mellor ou peor que doutra forma, pero compartes todo iso, a forma de ver a actividade cinexética, a visión sobre ela, etc”.

**- Saídes moito en grandes cuadrillas polo que interpreto.**

“Depende, non sempre. Eu agora mesmo cando máis gozo é cando saio ao monte co meu fillo. O meu fillo cumpriu 18 anos fai pouquiño, leva vindo comigo case desde que lle saíron os dentes e é con quen máis comparto hoxe en día. Iso non quere dicir que non disfrute con moitísima outra xente, que por suposto, pero tampouco de maneira programada, é dicir, vas coñecendo xente ao longo da vida, vas conxeniando, compartindo costumes, etc. Nós agora mesmo, por exemplo, estamos a cazar máis con arco e con outras modalidades que nos enchen máis e iso non quere dicir que sexa mellor ou peor que doutra forma, pero compartes todo iso, a forma de ver a actividade cinexética, a visión sobre ela, etc”.

**- Falemos dos montes galegos, ¿que visión tes da situación?**

- “Os montes galegos agora mesmo, no tocante á caza maior, nunca tan ben estiveron. A verdade é que hai unha abundancia grande, provocada en parte





# CAZA

polo abandono do rural galego. O abandono do medio rural é palpable e ademais é crecente, o cal é moi preocupante. Este abandono fai que o monte propiamente devandito, e non os cultivos, estean en aumento e por tanto, as especies que se favorecen dese ecosistema, son especies de caza maior, por exemplo xabarís, corzo ou o propio lobo, pois proliferan como nunca se viu no que eu acordo de vida, nin no que acordaría o meu avó, nin o meu bisavó, o que fala por si só. Galicia está a converterse nun verxel de caza maior, en detrimento claramente da caza menor. A caza menor, a través das actividades dos propios cazadores, lógrase manter esa poboación mínima de caza menor que permite un pouco practicar esa modalidade, pero a base de moito traballo, moito esforzo e sobre todo moito diñeiro, o cal poñemos os cazadores encima da mesa para conservar a contorna natural que permita a proliferación desas especies que están agora mesmo en franco retroceso”.

## - ¿Como se distribúen os terreos cinexéticos?

- “En Galicia hai tres tipos de terreos cinexéticos. Un é a Reserva Nacional de Caza de Ancares, que está xestionada pola administración, despois están os terreos cinexéticos de réxime común, que son os que se lle chaman libres de caza, xestionados tamén pola administración, e despois están os Tecores, que normalmente están xestionados por sociedades de caza”.

## - Os cazadores sodes fundamentais e diso debe concienciarse a poboación.

- “Os cazadores, a través da actividade cinexética, exercemos unha labor imprescindible do control das poboacións de animais para que sexan equilibradas co medio onde habitan, e non xeren problemas na sociedade. Despois, non só controlamos as poboacións a través da caza, senón que ademais poñemos diñeiro do noso peto, para que aquelas especies que gozan dunha peor saúde a nivel poboacional, poidan ter unha maneira de saír adiante e poidan crecer as súas poboacións. Aí está o caso da perdiz, do coello, etc, etc”.

## - ¿Está a caza tan regulada como se dá a entender ou non é tanto o control no día a día?

- “A caza está moi regulada. Ti en Galicia non podes transportar unha peza de caza maior sen o seu correspondente precinto, e os precintos son finitos, é dicir, se podes cazar 30 xabarís no teu coto, non podes matar 31. A caza é unha actividade moi fiscalizada, non pode ser doutra maneira, e o control é absoluto”.

## - Está moi de moda o tema de cazar con arco, parece que vos enganxou aos cazadores.

- “A caza con arco é unha maneira de cazar, está considerado unha modalidade de caza, cando realmente non debería de ser así, senón que debería ser simplemente unha arma de caza, é dicir, unha forma de cazar, non unha modalidade. A min o arco apaixóname, é un tema que che enche moito máis, para min ten un plus”.

## - Tes ido a algunhas competicións, ¿non é así?

- “Si, teño ido a algunha. No seu momento participaba no campionato de caza de becada, era delicioso, facías unha chea de amigos, comentabas cousas, daquel can, do outro... era moi interesante. Tiñas un día de caza con xente de todos os puntos de Galicia coa que compartías as inquietudes, os lances e a paixón. Coa idade fun deixando e metinme un pouquiño no tema da caza con arco e agora participo asiduamente nos Campionatos Provinciais, Autonómicos e mesmo nalgún Nacional de percorrido de caza con arco”.

## - ¿Como foi o ano 2022 a nivel competitivo?

- “Este ano quedei bastante ben no Provincial, despois ao Autonómico non puiden ir, pois tiña unha cacería xusto ese día e claro, despois xa non puiden ir ao Nacional. Eu concibo a competición como un divertimento máis, unha



## CAZA

forma de pasar o intre cos amigos que comparten a mesma afección ca ti. Ao final, vas pasar o día alí, a comer con eles, a contar as nosas batallíñas e é unha xornada máis de lecer”.

cinexética que comparte a sociedade que é profana ao mundo da caza, dista anos luz do que realmente é a caza. Sintámonos orgullosos de ser cazadores”.

**- Se falamos de montes galegos, ¿cal é o teu monte favorito?**

- “Para min non existe un monte favorito, o que existen son zonas de caza que che traen un especial recordo, porque tiveches un lance, porque compartiches unha xornada de caza cun amigo que xa non está, ou porque tiveches unha experiencia co teu fillo, xa que foi a primeira vez que viu un corzo. Son zonas que che quedan gravadas, pero o que é monte favorito en si, non teño especial predilección por ningún. Hai zonas en Ourense espectaculares, zonas en Lugo paradisíacas, aquí en Pontevedra tamén hai algunha zona moi bonita, pero eu clasifico as zonas por experiencias persoais e non por ter un sitio paradisíaco para cazar”.

**- Un momento especial no mundo da caza.**

- “O momento máis especial para min foi o día que o meu fillo cazou a súa primeira peza. Foi en Estremadura, chamáronnos uns compañeiros para ir ata alí a unha cacería e animámonos. Eu aquel día fun o home máis feliz do mundo. Aquilo de que o teu fillo compartía, non só a afección, senón tamén as túas amizades, a túa maneira de ver a caza, etc, que bauticen ao teu fillo na contorna na que ti es feliz, pois é unha sensación moi agradable”.

**- Miguel, xa para rematar a entrevista, non podemos despedirnos sen enviar unha mensaxe para todos os amantes do mundo cinexético.**

“A miña mensaxe é moi sinxela, transmitamos a caza á sociedade como o que realmente é, non como o que eles están a ver. Temos unha débeda moi importante aí, se queremos que a actividade cinexética siga formando parte da historia, temos que saber transmitir esa actividade cinexética. A actividade





*y también ...*

**TRANSPORTES PORTES**

**MUDANZAS LIMPIEZAS**

*Rápido, económico y fiable*

# NUEVA APERTURA

**ARTEIXO:** Avda. Fisterra, 18-20 - Tlf. 624 028 038



## **MILLADOIRO - AMES**

C/ Rosalía de Castro, 8  
Tlf. 660 75 10 00

## **FERROL**

CARANZA. C/ Lepanto, bloque 9. Bajo  
Tlf. 661 089 932

## **SANTIAGO**

Vía Edison, 50 A - Pol. Tambre  
Tlf. 661 003 676

[www.martinopportunity.com](http://www.martinopportunity.com)

Síguenos en **facebook**



## JAVIER FERNÁNDEZ: “O COTO DA FONSAGRADA É UN LUXO”

O experimentado cazador foi entrevistado pola redacción de Galicia Sport e falou das súas inquietanzas.

Javier Fernández é un experimentado cazador galego, pertencente ao coto da Fonsagrada, unha sociedade que está dividida en oito manchas, cada unha dunhas 7000 hectáreas de extensión. A súa paixón empezou cos cans de caza, para a partir de aí realizar os seus primeiros pasos na caza menor, probando co tempo tamén na maior. Na actualidade continúa ao pé do canón e manter ao coto da Fonsagrada como un dos máis importantes de España é un dos grandes soños do protagonista da nosa seguinte entrevista.

**- Javier, para comezar, fálanos un pouquiño, ¿de onde vén esa gran paixón polo mundo da caza?**

- “A min de pequeno gustáronme sempre os cans de caza, sempre tiveron cans na aldea, sobre todo dos dedicados á perdiz, da caza menor en si. Despois tamén fun collendo afección á caza maior. Co tempo fun ao estranxeiro, estiveron fóra uns anos e cando volvían foi cando me afeccionei ao mundo da caza de maneira máis profunda. Eu a vivo bastante, teño bastantes cans, son oito agora mesmo, teño un de caza menor e o resto son de caza maior”.

**- ¿En que coto adoitas desenvolver as túas actividades?**

- “No coto da Fonsagrada, que ademais é o segundo de España en extensión. Nel hai moitas especies, antes era moito de xabarín, agora baixou bastante, non porque se capturasen infinitas pezas nos últimos anos, senón máis ben polo tema do lobo. Cando imos rastrexar vese moito excremento de lobo, non é un problema por agora, pero xa terminaron con ovellas e mesmo con algún can”.

**- ¿Como é o coto da Fonsagrada en si?**

“Somos unha sociedade e estamos divididos en oito manchas, cada unha ten sobre 7000 hectáreas, están repartidas, cada un ten a súa zona. Noutros cotos son rotativas, pero este é tan grande que se non se fai desta maneira, a xente tería que desprazarse moitos quilómetros e ao prezo que está o gasoil, é un problema. É un coto moi importante, hai bastante rececho, na tempada do rececho, veñen ao rececho dende toda España e capturan bastantes pezas e boas”.

**- ¿Que lle dis á xente que critica aos cazadores?**

- “Eu véxoo fóra de lugar, porque ata os labradores dos pobos recoñecen o noso labor. Mesmo no monte, coa maleza que hai, se o concello non é moi grande, é moi difícil manter os camiños. É moita extensión e nós facemos o que podemos sempre. A xente pensa que os cazadores somos destrutores e é todo o contrario, somos os que máis facemos polos montes, pola natureza e polos animais en si. A caza arrastra moitos ingresos e moitos deles reinvéntense no monte e nos animais. Se non é por nós habería especies que xa non existirían e non precisamente porque un cazador as mate, nin moitísimo menos”.

**- ¿Cal é a túa modalidade favorita?**

- “A min a caza menor sempre me gustou moito, o que pasa é que á hora da verdade parece que me dá como pena, as perdices son moi bonitas, o faisán, o coello... Na caza menor hai que andar moitísimo, agora mesmo



# CAZA

tampouco me vén ben, estou ranqueante de mobilidade e na caza maior é estar máis nos postos, non te moves tanto, estás por preto do coche e non é o mesmo, pero o que é gustar, gústanme as dúas en xeral e practico as dúas”.

## - ¿Cazas con arma ou con arco?

- “A min gustaríame moito probar con arco, ademais no rececho viña xente con arco, había un mozo de Huelva que era un apaixonado do arco, pero eu agora mesmo sigo con arma, uso o rifle, o 30-06”.

## - Javi, a caza non só é o cazar en si, senón que forma parte dun modo de vida saudable, facedes moito deporte, andades moitos quilómetros.

- “Si, eu ando bastante, hai días que ao final pasas dos 15 quilómetros no día, súas moito, e practicas moito deporte. Eu cando é o tempo da caza atópome moi ben, nótanse moitísimo os bos hábitos e a caza é ideal para iso”.

## - ¿Que períodos de caza tedes na Fonsagrada?

- “No coto da Fonsagrada, antes empezaba a última semana de agosto, pero acordamos reducir os días para repoboar nos próximos anos, co que este ano empezou o 16 de outubro e estenderase ata o 6 de xaneiro, que é o día que tamén acaba a caza menor”.

## - E cando non estamos en tempada, como matades o “gusanillo” de estar no monte.

- “Seguimos saíndo a adestrar mentres se pode, soltar os cans, moitos teñen cachorros novos, sácanos moitos días, paseamos e pasamos o tempo. Todo isto mentres se pode, porque en tempo de veda non se pode. Este coto está en veda en maio e en xuño e aí é cando non se pode pisar”.

## - Se nos deixamos algo, tes a palabra para pechar a entrevista.

- “Pois nada, dicir que me gustaría moito que este coto da Fonsagrada continuase sendo un coto importante, detrás non vén moita substitución xeracional, entón no canto de oito manchas, deica pouco imos terminar sendo dous ou tres peñas só, porque as sociedades van a menos, altas hai poucas e é unha pena, pero temos que fomentar todo isto máis e cambiar a visión de todo isto. Se falta a caza, falta unha industria moi forte, e se faltan os cazadores, o que van ser os montes non vai ser precisamente unha broma. Cando acaba a caza, as fins de semana xuntámonos para ir limpar camiños por grupos, para ter en condicións os montes, para poder facer tarefas altruístas en favor dos montes da nosa terra, que se non as facemos nós, non as fai ningún, as cousas como son”.





# Italia

*Bar • Restaurante • Pizzería • Asador*

Tel.: 986 53 19 20  
Rúa Hospital, 15  
36630 Cambados - Pontevedra

**Pablo Paz**  
Tlf.: 981 718 149  
627 769 336

[www.alareira.es](http://www.alareira.es)  
[direccion@alareira.es](mailto:direccion@alareira.es)

Rúa Mestre Platas n.º 25 · 15150 Baio (Zas) · A Coruña



“Cociña á brasa”



@alareiraabrasa





*Carnes y pescados a la brasa*  
*Comidas de empresa, bautizos y comuniones*  
*Comida para llevar*

*Avda. Florida, 241 - T. 986 20 14 21 - 36213 UIGO*



## SEXTO II

**Restaurante • Marisquería**  
Antonio Raposo

Rúa da Raiña, 23 "Franco", a 100 m de la Catedral  
Santiago de Compostela • T: 981 56 05 24  
Tel/Fax: 981 56 05 96 • sextodos@hotmail.com



**ESPECIALIDADES**  
Pescado al horno  
Pescados y mariscos de la Ría  
Carnes  
Jornadas de caza (temporada)  
Jornadas de río (temporada)  
Cenas y comidas de empresa y grupos



# El Hórreo

RESTAURANTE  
CAFÉ - BAR

Gran Vía, 169  
15100 Carballo  
A Coruña  
Tlf.: 981 70 35 60 • Móvil: 686 39 66 75



**GEOCLIMA ST**  
CLIMATIZACION - FRIO INDUSTRIAL  
ENERGIAS RENOVABLES - CALEFACCION



## Instalaciones y Mantenimiento

Rúa das Mercadorias, 121 - Polígono Industrial Ceao  
Telf.: **982 814 147 - 636 462 063** • [www.geoclimast.com](http://www.geoclimast.com)

Diego: 639 472 184  
Juan: 696 251 595

Rúa Perú, 1 Bajo  
15142 Meicende  
A Coruña



*Pintura  
y decoración*



## INSTALACIONES JEYCAR

Teléfonos  
**686 565 611**

CARLOS REBOREDO

[instalacionesjeycar@gmail.com](mailto:instalacionesjeycar@gmail.com)



Nº REGISTRO  
SANITARIO:  
E-15-001301

**ÓPTICA DO MAR**

MUROS

## TU ÓPTICA EN MUROS

*Somos especialistas en todo para lo relacionado con tu visión:*

Revisión y graduación de la vista  
Monturas, lentes de contacto y soluciones  
Gafas de sol

Av. Castelao, 49 Bajo, 15200 Muros, A Coruña - 981 76 21 85



**BERMUDEZ &  
ASOCIADOS**


**A B O G A D O S**

Civil / Mercantil  
Laboral / Social  
Administrativo  
Penal

Negociación  
Asesoramiento  
Defensa judicial

C/ Pena do Rei, 4 Entlo. Izq. - 27002 LUGO • T.: 982 873 934 • [www.lugoabogado.com](http://www.lugoabogado.com)

OFICINA VILALBA (Cita previa): C/ Plácido Peña, 10 4º



## EDUARDO FONTELA, EL REY DE LAS CUCCHARILLAS

**E**duardo Fontela López nació en Santa Marta de Ortigueira con una clara vocación de trabajo y perseverancia, la misma que le llevó a progresar desde el inicial puesto de botones en la banca, hasta el de director. Hablamos de un hombre inquieto, aficionado a la caza y pesca desde temprana edad. De su propia mano, en respuesta a su carácter exigente, decidió perfeccionar cucharillas ya comercializadas, para su propio uso, extendiéndose entre sus amigos como hobby. De ahí que en 1985 nacieran las “Cucharillas Edu” de forma comercial. Atrás quedan 831 modelos distintos, todos ellos de reconocida efectividad en las condiciones más extremas. El secreto del éxito de estas cucharillas se encuentra en la particularidad de su forma de posarse sobre el agua sin ningún ruido extraño, tal y como lo haría cualquier insecto, por lo que no asusta a las truchas. La otra particularidad es la diversidad de modelos acomodados para cualquier circunstancia, incluyendo los casos de caudal muy difícil. Para eso está la cucharilla única en el mercado “la 000”. Cuando las condiciones se ponen difíciles, es el momento de acudir a ellas: no fallan. Eduardo siempre ha desmentido el hecho de que él sea el creador de las cucharillas y ha defendido que sólo las ha perfeccionado para conseguir la máxima eficacia en la pesca, pero que el invento data originalmen-

te de hace mucho más tiempo, en concreto del principio del siglo XIX, en la persona de Julio Thompson Buel.

### **LA PESCA DE LA TRUCHA CON CUCCHARILLA, por Eduardo Fontela**

Un arte cómodo y sencillo para especialistas y noveles, a la vez que muy efectivo.

Es una modalidad más para la pesca de salmónidos y ésta parece ser que fue inventada por el americano J.T Buel, hace algo más de 150 años.

Pienso que esta modalidad tiene muchos adeptos, por su comodidad, sencillez en todo y la fantasía de sus lances a la hora de engañar a la pieza, una vez conseguida la destreza necesaria.

La trucha normalmente está situada o colocada en el río en sitios de poca corriente, detrás de unos obstáculos, debajo de unas hierbas o ramas dificultando el lance al pescador y produciéndose pérdidas de aparejos.

Para pescar hay que considerar varias circunstancias: la climatología, el caudal del río, su profundidad, que esté muy tapado y no tenga claridad, que las aguas estén tomadas, que el río tenga mucho verde o no lo tenga, etc, etc, etc.

**CUCCHARILLAS**  
**Edu**

**CUCCHARILLAS ARTESANALES**  
**TAN NOSAS COMO A GAITA**



Tel: 981 207 513

Adelaida Muro, 18,20 - 3ªA - 15002 LA CORUÑA

cucharilledu@gmail.com [www.cucharilledu.com](http://www.cucharilledu.com)





# PESCA DEPORTIVA



**EFFECTOS NAVALES BURELA**

Pastor Díaz, 11  
15006 A Coruña  
Tel: 981 28 40 93  
Fax: 981 91 87 80



**JESÚS BETANZOS**  
Pesca

[masquenautica.com](http://masquenautica.com)  
[jbetanzos.com](http://jbetanzos.com)

Tel: 986 232 212  
Fax: 986 208 295  
[tienda@jbetanzos.com](mailto:tienda@jbetanzos.com)

Efectos Navales.  
Pesca y Náutica Deportiva

TRABAJAMOS POR Y PARA EL MAR



Efectos Navales Jesus Betanzos.  
Avda. Eduardo Cabello, 45. Bouzas  
36208 Vigo España



**BUCEO GALICIA**

Cursos de buceo, cursos de pesca, charter de buceo y de pesca; material náutico, acastillaje naval.

Síguenos:   

981 212 206  
